

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020325	IES Illa de San Simón	Redondela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

A programación que aquí presentamos corresponde á materia de PROXECTO COMPETENCIAL de 3º da ESO para o curso 2022/23.

A súa elaboración enmárcase no establecido na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, Lei Orgánica de Modificación da LOE (LOMLOE); no Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria; e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño que establece o currículo destas mesmas etapas educativas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais neta programación tamén temos como referencia a:

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022-2023.
- ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha programación didáctica dun curso define que se ensina e como se ensina nunha aula, decide como se distribúen os distintos contidos en unidades didácticas, establece unha serie de actividades que se realizarán nun contexto e nun tempo determinados e indica a forma de avaliación da materia impartida. Coa programación didáctica planificamos e proporcionamos coherencia a nosa actuación como docentes, evitando improvisacións e programas incompletos. Ademais, programar ábreunos a posibilidade de mellorar a nosa actividade, e por extensión, mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Con todo, a programación debe ser entendida como un proceso en constante revisión e transformación, adaptándose cando as circunstancias así o requiran.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que se pode configurar neste curso como un ou varios proxectos interdisciplinares en colaboración con distintos axentes sociais.

A programación debe supoñer un grao maior de concreción con respecto ao currículo, e vén determinada pola localización do centro e polo perfil económico e as características socioculturais dos estudantes aos que vai dirixida.

O IES Illa de San Simón é un instituto público dunha vila costeira de tamaño medio, con alumnado procedente principalmente da área máis urbana de Redondela. O seu entorno natural é de gran interese pola súa diversidade de ecosistemas próximos: desembocadura do Río Alvedosa, a Marisma, a praia de Cesantes, a ría de Vigo, a Illa de San Simón, as Salinas de Vilaboa, etc.

Nel, impártense clases da E.S.O. tendo adscrito un centro de primaria, o CEIP Santa Mariña, de onde procede a maioría do alumnado que estuda neste centro escolar ao comezar a educación secundaria.

A materia de Proxecto Competencial de 3º da ESO está dividida en dous grupos un grupo no que está a totalidade do grupo 3º da ESO A composto por 19 alumnos e alumnas e o outro grupo un grupo a onde vai alumnado de 3º da ESO B, C e PDC de 25 alumnos e alumnas. Alumnado con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 16 anos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mundo, a vila ou a escola que queremos. Definición dos proxectos	Deseño dun plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos. Determinarase o tema no que o o grupo vai pescudar e realizarase o plan de traballo.	40	15	X	X	X
2	O mundo, a vila ou a escola que queremos. Execución dos proxectos	Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	40	15	X	X	X
3	O mundo, a vila ou a escola que queremos. Presentación de proxectos	Presentación dos resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	20	5	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mundo, a vila ou a escola que queremos. Definición dos proxectos	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	- Poñen un título ao seu proxecto acorde coa actividade a realizar. - Indican os obxectivos do proxecto - Recoñecen a importancia da temática a tratar. - O proxecto ten impacto social.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	-Seleccionan recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	- Traballa de xeito individual, así o reflexa no seu diario de aprendizaxe. - Traballa ben en grupo - Fai unha reflexión sobre o traballo en grupo. - Identifican, seleccionan e analizan a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	- Secuencian as actuacións necesarias para a execución do proxecto. - Temporalizan as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	- Teñen en conta incidencias que poidan xurdir. - Responden correctamente as preguntas que se lles formulan sobre o proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	O mundo, a vila ou a escola que queremos. Execución dos proxectos	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executan as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplican os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregan os recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolven as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Fan unha valoración sobre os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	O mundo, a vila ou a escola que queremos. Presentación de proxectos	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentan o proxecto realizado e os produtos finais obtidos.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregan unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregan unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencian as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregan recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual como en grupo, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A metodoloxía estará baseada nos seguintes aspectos:

- Deberá ampliar e facer evolucionar os coñecementos do alumnado fomentando a autoestima e a motivación.
- Procurará unha aprendizaxe significativa.
- A exposición por parte do profesorado deberá ser motivadora, personificada respectando os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe causados pola diversidade propia dentro da aula, con exemplificacións e problemas cuxa temática estea relacionada coa temática elixida polo alumnado.
- Débese procurar que as actividades viren en torno á formulación de problemas, de modo que o grupo, os subgrupos de traballo ou cada alumno/a participen do proceso, efectuando a súa propia actividade e aprendendo dela. Neste sentido, sería conveniente potenciar as metodoloxías activas, traballando con tarefas ou proxectos que combinen tanto traballo individual como cooperativo e cuxo carácter integrador e globalizado facilite a inclusión, a interacción e tamén a adquisición das competencias claves.
- As actividades han de expoñerse debidamente contextualizadas, de maneira que o alumnado procure posibles respostas a preguntas ou problemas previamente formulados buscando a significatividade do aprendido.
- Igualmente, dada a súa crecente importancia, débese potenciar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación. O computador pode utilizarse para buscar información, e para tratala e presentala, tendo en conta que a utilización destes medios require unha planificación adecuada que valore os obxectivos que se pretende conseguir.

##### Estratexias metodolóxicas

- Darase importancia á aprendizaxe cooperativa e ao traballo por tarefas ou por proxectos.
- No primeiro trimestre cada grupo de alumnado delimitará que imos estudar ou como o imos realizar, recollendo as ideas previas do alumnado e estimulándoos na súa resolución.
- Confección do diario de aprendizaxe individual que servirá para reflexionar sobre a aprendizaxe.
- Actividades diversificadas que traballen as distintas competencias: o desenvolvemento de habilidades científicas, o pensamento crítico e creativo, o traballo cooperativo, a interdisciplinaridade, as TIC e a aprendizaxe investigación dentro e fóra da aula.

Cada alumno/a/e parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes. Enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todo o alumnado poida chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

Os proxectos serán realizados en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna/o/e adoptará un rol concreto e asumirá tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na 1ª Avaliación, determinarase o tema sobre o que os distintos grupos queren investigar. Algúns dos posibles temas son: proxectos interxeracionais, proxectos medioambientais, solidarios, de vida saudable... Unha vez elixida a temática, os distintos grupos cooperativos planificarán o proxecto a realizar, e establecerán, de ser o caso, os contactos pertinentes cos distintos axentes e entidades sociais. Nesta etapa recollerán datos e analizarán a información recompilada, deseñarán os seus proxectos, e presentaranos na clase.

Na 2ª Avaliación, cada grupo cooperativo executará o seu proxecto, observando se a execución do mesmo vai acorde co proxecto plantexado inicialmente.

Na 3ª Avaliación, o alumnado presentará por grupos o seu produto final.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión na Radio do centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro, concello.... Elaborarán unha nota de prensa e na medida do posible farán que o seu proxecto teña impacto social.

Dado que os proxectos son deseñados polo propio alumnado, e dado que a natureza dos mesmos é moi variada, pode ocorrer que o alumnado avance a distintos ritmos e que poida precisar executar parte do mesmo na primeira avaliación, ou incluso que volva a redeseñar parte do proxecto na segunda avaliación. Por ese motivo as distintas

unidades están temporalizadas nos tres trimestres, adaptándose a metodoloxía e a avaliación das mesmas ao contexto de cada proxecto e as distintas accións realizadas, tendo en conta os criterios de avaliación propostos para cada unidade.

Co desenvolvemento dos proxectos, traballaranse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente, dependendo do proxecto, a varias das seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Matemáticas (elaboración de estatísticas...)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Bioloxía e Xeoloxía (concienciación ambiental)
- Valores éticos (concienciación social)

Hai que ter en conta que o deseño e a realización de proxectos en grupo asociados aos distintos intereses do alumnado, é complexa, polo que estes poden sufrir certos cambios e alteracións ao longo do curso. Podendo propoñerse novos proxectos, ideas ou traballos que complementen ou substitúan os plantexados inicialmente.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula de informática
Diario de aprendizaxe
Aula cooperativa
Aula exterior
Teléfono do centro

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Tamén utilizaremos a aula de informática, que nos permitirá traballar coas novas tecnoloxías da información e a comunicación e a aula exterior, que permitirá traballar en grupo. Cara a segunda avaliación está previsto que o alumnado traballe nun aula cooperativa onde as mesas estarán habilitadas para o traballo en grupo e poidamos realizar pequenas consultas en ordenadores habilitados para tal fin.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>40</b>	<b>40</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación, está previsto que na:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Se valore a presentación do plan de traballo, segundo os criterios previstos na programación. Cada grupo presentará o seu plan de traballo e o seu diario de aprendizaxe. Na avaliación desta primeira fase do proxecto está previsto que participe un tribunal interdisciplinar conformado por unha persoa de orientación, unha persoa de dirección e o profesorado da materia. Tamén está previsto que o alumnado coavalíe. Nesta primeira fase, daráselle o visto bo para que o alumnado continúe coa segunda fase do proxecto: A execución do mesmo, ou daráselle un tempo para que faga os cambios oportunos ao proxecto
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Nesta fase valorarase a execución do proxecto.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Nesta fase valorarase a presentación e exposición do proxecto e o seu impacto social.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, avaliación do diario de aprendizaxe....

Esta proposta de avaliación, é a proposta teórica, non obstante, dado que os proxectos son deseñados polo propio alumnado, e dado que a natureza dos mesmos é moi variada, pode ocorrer que o alumnado avance a distintos ritmos e que poida precisar executar parte do mesmo na primeira avaliación, ou incluso que volva a redeseñar parte do proxecto na segunda avaliación. Por ese motivo as distintas unidades están temporalizadas nos tres trimestres, adaptándose a metodoloxía e a avaliación das mesmas ao contexto de cada proxecto e as distintas accións realizadas, tendo en conta os criterios de avaliación propostos para cada unidade.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media ponderada das notas das avaliacións parciais, ou no caso de non poder seguir a ponderación prevista por avaliación, polo peso das distintas unidades didácticas, seguindo a táboa de anexos (distribución de criterios de avaliación por unidade didáctica).

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o/e teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas tipo test sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as/es con Necesidades Específicas de Apoio Educativo as actividades serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as/es establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

**Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entrevista nun medio de comunicación local	Difusión informativa do proxecto.			
Exposición en locais socioculturais	Exposición e explicación do proxecto á veciñanza.			
Visita ao xulgado	Visita ao xulgado dentro do programa Educar en Xustiza.			
Visita a centros de maiores	Dentro do proxecto interxeracional			
Visita a asociacións de saúde mental	Dentro do proxecto saúde mental			
Saídas a contorna	Para promover actitudes respectuosas co medio			
Realizar programas de radio escolares	Radio do centro			

### Observacións:

Dependendo da tipoloxía do proxecto poderán realizarse distintas saídas para contactar ou colaborar cos distintos axentes sociais.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas

Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
--

Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
--

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O principal procedemento para avaliar a programación de cada curso e grupo será a análise dos resultado do trimestre e do curso. Así, se se obtén un resultado por baixo do 70% de aprobados na materia, entón haberá que analizar por que aconteceron eses resultados revisando os indicadores de logro anteriores, sacando, de ser o caso, conclusións e/ou medidas a implementar. Estas medidas se recolleran no libro de actas do Departamento. Todos estes puntos serán tratados en cada avaliación e a partir deles faranse as correccións á programación oportunas, modificacións que se reflectirán na memoria final. Ademais ao final do curso, se se impartiu menos dun 75% dos contidos do curso programados, haberá tamén que avaliar este feito e como podería mellorarse no futuro, analizando as súas causas e as posibles solucións.

**9. Outros apartados**